

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE SAN ROQUE-CORÓN
CURSO:
MATERIA: Pedagogía Terapéutica
DATA: Marzo 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
- 4. Información e publicidade.**

1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>A partir do terceiro trimestre realizáse unha recopilación de actividades individualizadas e adaptadas para os diferentes nenos e nenas con NEAE.</p> <p>As actividades van dirixidas a traballar as dificultades amosadas ao longo dos trimestres pasados e que aínda se atopaban en proceso de acadar.</p> <p>Para ós alumnos con dificultades na área de Lingua Castelá, Lingua Galega selecciónanse actividades destinadas a mellorar os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none">-Mellora da comprensión lectora-Aumento da velocidade lectora-Fomento da expresión escrita-Afianzamento da conciencia fonolóxica-Superación de dificultades propias (sustitucións, omisións, adicións etc).-Coñecemento de regras ortográficas básicas.-Recoñecemento da palabra como unidade realizando unha correcta segmentación de palabras dentro da oración.-Potenciación da creatividade na expresión escrita. <p>Para ós alumnos con dificultades na área de Matemáticas selecciónanse actividades destinadas a mellorar os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Realización de cálculos matemáticos básicos.- Resolución de problemas sinxelos.- Numeración e descomposición numérica. <p>No caso dun alumno con TEA realizáse unha selección de actividades manipulativas e adaptadas con pictogramas.</p> <p>Priorízase sempre que os materiais necesarios para levalas a cabo sexan de fácil acceso na súa contorna (tapóns, plastilina, pinzas de prender a roupa, pedras, cunchas, ramas...etc)</p> <p>Todas as actividades son seleccionadas en coordinación coas diferentes titoras. Unha vez feita a selección envíase a titora correspondente vía email e tras a súa revisión mantemos chamadas telefónicas para a posta en común.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A mestra de PT envía semanalmente a documentación seleccionada para cada alumno/a en distintas carpetas ao correo electrónico do director.</p> <p>O director imprime e encarpeta as actividades por materias no</p>

	<p>centro. (en color para un alumno que así o precisa debido ás súas características persoais)</p> <p>Estas tarefas son distribuídas ao alumnado con NEAE aos seus fogares. Solucionando deste xeito os problemas de conectividade que tiñan a maioría destes alumnos/as.</p> <p>Ademáis a tres alumnos/as se lle facilitaron equipos informáticos do centro para o seu emprego na búsqueda de información ou o seguemento das actividades xerais da páxina web do colexio.</p> <p>Ao día seguinte a súa entrega a PT chama ás familias para explicarlle as tarefas e facer as recomendacións pertinentes.</p> <p>Soluciona dúbidas de tarefas anteriores e realiza un seguemento do traballo semanal do alumno/a</p> <p>As actividades realizadas son recollidas no fogar do alumno/a levadas ao centro, escaneadas e remitidas de novo a PT para a súa avaliación. Salientar que este traballo non terá unha obrigatoriedade para o alumno/a nin para os pais, coa finalidade de non sobrecargar de tarefas ás familias nesta situación tan complicada.</p> <p>Infórmase ás familias que cada alumno/a debe facer aquelas que é capaz dependendo do seu ritmo de aprendizaxe e da súa situación familiar actual.</p>
Materiais e recursos	Correos electrónicos coas actividades, material impreso, recursos que soliciten (diccionarios, páxinas web, tutoriales you tube..etc)

2. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>O asesoramento directo a nais/pais faise semanalmente vía chamada telefónica.</p> <p>Nestas chamadas explícanse dificultades observadas nas tarefas anteriores e os aspectos relevantes das novas propostas.</p> <p>Ponse en común a opinión sobre a cantidade e calidade das tarefas enviadas para poder facer as modificacións necesarias de cara ás vindeiras propostas.</p> <p>Adícase tamén un tempo a falar sobre a situación emocional do neno ou nena xa que debido as características persoais de algúns alumnos/as con NEAE son moi sensibles aos cambios. Aqueles alumnos/as que así o desexan falan persoalmente coa mestra pero en ningún caso se lles obriga.</p> <p>Se as nais /pais precisan poñerse en contacto coa mestra de P.T en calquera outro momento poden enviarlle un correo electrónico.</p>
Publicidade	Publicación dalgunhas actividades útiles para todo o alumnado na páxina web do centro mediante os titores.